CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO.
ANUNCIO ADXUDICACIÓN DA XESTIÓN DA SALA VELATORIO DE CAMPO LAMEIRO.
ACORDO DE ADXUDICACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO NA SÚA SESIÓN CELEBRADA O DÍA TRECE DE XANEIRO DO DOUS MIL DEZASEIS.

Visto que con data 18 de novembro de 2015 nº 774, por parte da empresa adxudicataria da concesión da Sala Velatorio de Campo Lameiro, ALBIA GESTIÓN DE SERVICIOS S.L.U., representada por D. Eduardo González Martínez solicitouse a rescisión da concesión ao cumprirse o período de dez anos da mesma.
Visto que pos parte da Alcaldía se informou da necesidade de realizar unha nova contratación da xestión do servizo público da Sala Velatorio de Campo Lameiro mediante a modalidade de concesión, e que para elo redactouse o correspondente Prego de Condicións Administrativas, que ten seguido a tramitación debida.
Visto que dadas as características da xestión do servizo público que se pretende polo Concello, considerouse como procedemento mais adecuado o procedemento negociado sen publicidade.
Visto que por resolución da alcaldía de data 11 de decembro de 2015 deuse aprobación ó expediente e os Pregos de Cláusulas Administrativas e de Prescricións Técnicas para a adxudicación da xestión do servizo público de Sala Velatorio de Campo Lameiro mediante a modalidade de concesión, por procedemento negociado sen publicidade.
Visto que mediante resolución da alcaldía de data 22 de decembro de 2015 se acordou solicitar ofertas as seguintes empresas:
**Funeraria San Mauro.
**Funeraria San Marcos.
**Funeraria Peña.
**Funeraria San Pelayo.
Visto que con data 4 de xaneiro de 2016 certificouse as ofertas presentadas que constan no expediente, e que son:
**Funeraria e Tanatorio Peña.
**Funeraria San Marcos S.L.
Visto que con data 11 de xaneiro de 2016 pola alcaldía declarouse como oferta economicamente máis favorable a presentada pola empresa Funeraria e Tanatorio Peña.
Visto que se requiriu ó candidato que presentou a oferta económica máis ventaxosa para a presentación da documentación xustificativa de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social; así como que formalizara a entrega da garantía definitiva, e ademais de que dispoña dos médioa ós que se houbese comprometido a dedicar ou adscribir á execución do contrato.
Visto que con data 14 de xaneiro de 2016 Funeraria y Tanatorio Peña constituíu garantía definitiva por importe de dous mil euros, así como aportou os documentos xustificativos requiridos.
Examinada a documentación que acompaña, visto o informe de secretaría e de conformidade co establecido no artigo 151.4 e a Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro.
A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda:
PRIMEIRO.- Adxudicar á empresa Funeraria e Tanatorio Peña o contrato de xestión de servizo público da Sala Velatorio de Campo Lameiro, mediante modalidade de concesión.

SEGUNDO.- Notificar, nos termos do previsto no artigo 151.4 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, a adxudicación ós candidatos que non resultasen adxudicatarios.
TERCEIRO.- Notificara a D. Javier Peña Caiteiro, representante da empresa Funeraria y Tanatorio Peña, adxudicataria do contrato, o presente acordo, e citalo para a sinatura do correspondente contrato administrativo.
CUARTO.- Publicar a formalización do contrato de xestión de servizo público da Sala Velatorio de Campo Lameiro no perfil do contratante do Concello de Campo Lameiro.
QUINTO.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do sector Público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011 do 14 de novembro.
Campo Lameiro a 15 febreiro do 2016.
O ALCALDE
ASDO.JULIO SAYANS BUGALLO.